

Ai follas, ai follas do verde pino: denominacións galegas e portuguesas da ‘folla do piñeiro’¹

XOSÉ AFONSO ÁLVAREZ PÉREZ

Universidad de Alcalá (UAH)

Introdución

En 1980, ano de nacemento do autor destas liñas, saíu do prelo o número 7 da revista *Verba*, que contiña entre as súas tapas o extenso artigo *Denominaciones gallegas de la hoja del pino*, da autoría de Mercedes Brea, quen, encetando a terceira década da vida, xa acumulaba un lustro de antigüidade como doutora e algún ano máis de variado labor docente na universidade de Santiago.

Ese artigo consistía nun exhaustivo estudo onomasiolóxico das denominacións galegas da folla do piñeiro, elaborado con apoio nos materiais recollidos nas enquisas do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) —inéditos daquela e inéditos aínda no momento

1 O título deste traballo é, claro está, unha refacción do debatido *incipit* (Beltrán 2013) da coñecida cantiga de D. Dinis (<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=592&tamanho=17>), intentando conciliar o tema desta contribución co fecundo e frutífero labor de Mercedes Brea no eido da lírica medieval, que acabou por conformar o eixo central da súa carreira. As esixencias burocráticas obrigan a deixar constancia de que esta contribución foi financiada por unha axuda Ramón y Cajal (referencia RYC-2013-12761) outorgada polo Ministerio de Economía y Competitividad do Gobierno de España, e que se elaborou no seo do proxecto *Frontera hispano-portuguesa: documentación lingüística y bibliográfica* (FFI2014-52156-R, Ministerio de Economía y Competitividad, 2015-2017), do que son investigador principal.

de redactar estas liñas, trinta e cinco anos máis tarde—, acompañados dunha extensa revisión de traballos lexicográficos de todo tipo, labor dobremente meritorio, pola variedade de fontes e porque non eran tempos de bases de datos e repertorios informatizados que permiten localizar a referencia erudita en cuestión de segundos. A pesar do título, o artigo de Mercedes Brea non se limitou ó territorio galego, senón que recolleu numerosa información sobre as designacións portuguesas para o referido concepto, sobre todo no que respecta a Portugal setentrional.

Precisamente, a principal intención da presente contribución é completar a información portuguesa, valéndose principalmente dos datos, tamén inéditos, do *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG), acompañados por información proveniente de diferentes obras lexicográficas, algunhas delas recollidas no *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Português* (TLPGP). Deste modo, obtérase unha visión máis completa dos diferentes procedementos formais e semánticos para a creación de designacións chamados en causa no espazo occidental peninsular. Enumerarei tamén algunhas formas galegas non recollidas en Brea (1980). Por último, farei algún breve comentario sobre a continuidade transfronteiriza dalgúns elementos.

1. Complemento ás formas enumeradas en Brea (1980)

Antes de entrar en materia, é obrigado recuperar unha precisión xa apuntada por Brea (1980: 51). Na lingua existen denominacións individuais para a agulla do piñeiro e tamén designacións colectivas. Hai puntos onde a mesma forma dá nome ós dous conceptos e territorios nos que hai diverxencias; do mesmo modo, poden establecerse distincións entre a folla que está na árbore, a folla verde, e a seca, que cae ó chan, empregue en numerosas funcións (por exemplo, estrume para os animais, uso que está na base dalgunha designación). Na exposición dos materiais que vén a seguir prescindíuse destes matices, as poucas veces que se coñecían; en particular, no que respecta aos datos do ALEPG, tratáronse conxuntamente as preguntas 1100 *agulha* e 1101 *caruma*.

1.1. Un feixe de designacións portuguesas para a folla do piñeiro

Neste apartado comentaranse algunhas designacións portuguesas que complementan as indicadas no levantamento de Brea (1980), confeccionado nun momento en que o coñecemento do panorama dialectal portugués era bastante máis precario.

Coa excepción parcial de *frança*, as formas citadas a seguir son exclusivas do territorio portugués; a carta de exclusividade outórgase polo cumprimento simultáneo de tres criterios: a) ausencia na listaxe de Brea (1980); b) ausencia nas obras lexicográficas antoloxizadas no *Dicionario de dicionarios* (Santamarina 2006-); c) ausencia nas localidades galegas investigadas nas monografías incluídas no *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*.

Estas formas teñen en común seren respostas minoritarias nas enquisas dialectais, documentadas como máximo en tres ou catro puntos, se ben que a maioría só se rexistran nunha localidade. Repárese na proximidade de moitas delas á fronteira con Galicia, sen que se coñezan paralelos no galego:

- *Bica, bico*: A forma *bicas* é hápax no ALEPG con este significado, pois unicamente se documenta no punto C3 (Mira, no distrito de Coimbra, se ben que a catro escasos quilómetros do límite con Aveiro), xunto con outras tres respostas. O escaso testemuño dialectal vese apoiado pola lexicografía, xa que o dicionario *Priberam* define *bica* como «caruma seca», se ben que coa restrición diatópica «Aveiro»; esta entrada seguramente é debedora da inclusión da forma *bica* no exhaustivo relatorio de Basto (1916: 260), procedente do dicionario de Óscar de Pratt (1913) e documentada en Gafanha (Aveiro). *Porto Editora*, en cambio, elimina todos estes matices e opta por definir este termo simplemente como «caruma», sen engadir tampouco ningunha etiqueta dialectal. No que respecta á súa «parella», *bico* aparece nun punto de Coimbra do ALEPG (Vila Pouca do Campo) e, en plural, en dúas localidades da rede, Canucho (Coimbra) e Moltalvo (Santarém). Ocupa, por tanto, unha área bastante ben definida e con continuidade con *bica*. A diferenza da anterior, non aparece documentado o significado 'folla do pinheiro' específico na lexicografía portuguesa, aínda que o nexos semántico é fácil, a acepción de 'extremidade aguzada, punta'.
- *Carapinha*: Aparece, como resposta á pregunta 1101 (a designación colectiva), en Pitões das Júnias, localidade de Vila Real lindeira coa Baixa Limia. Non se documenta noutros materiais dialectais nin obras lexicográficas, incluído Basto (1916). No que respecta ó significado, pódese establecer doadamente unha conexión semántica coa acepción básica («cabelo semeilhante à lã, muito crespo e denso», Houaiss3), que derivou en significados particulares como «tecido de lã erizada» (Houaiss3).

- *Carcunda*: Documentábase nun único punto de enquisa, situado no interior do distrito de Setúbal, alternando con outras respostas. A lexicografía non axuda nesta ocasión, pois nin *carcunda* nin *corcunda* aparecen nos dicionarios con valores facilmente asimilables á agulla do piñeiro.
- *Chama*: Tamén se rexistra apenas nun único punto da rede, máis afastado desta vez, nunha localidade madeirense. Nos dicionarios non aparece ningunha entrada en que *chama* teña este valor; é verdade que hai rexistros de *chama* e *chamada* como ‘brazado de leña’ e de aí poderíase dar o salto, mais non semella hipótese moi convincente. En cambio, e atendendo ó valor semántico básico, parece máis tentadora a conexión con formas como *faisca*, por usárense as agullas do piñeiro como combustible e botaren moitas chispas. Posiblemente haxa que conectala coa forma *sama*, presente en varios lugares de Portugal (véxase máis abaixo).
- *Charuga*: Aparece unicamente na localidade de Santo André (Vila Real, moi preto da fronteira galega). Parece lóxico pensar nunha variante palatalizada de *saruga*, voz algo máis frecuente, documentada na Madeira e nas proximidades de Lisboa. Normalmente, *saruga* (do lat. SILIQUA, “casca das leguminosas”) significa ‘aresta, filamento dos cereais’, acepción desde a que é moi doado dar o salto semántico ata o concepto que nos ocupa.
- *C(a)ranga*: Único punto, nos Azores. Non ten fácil explicación. Existe no portugués rexional (*Revista Lusitana* XI, 301) a forma *caranga* ‘cabeza’, que podería relacionarse por ser a parte alta da árbore onde está a folla. De modo máis creativo, podería chamarse en causa o verbo *encarangar* ‘perder o movemento por acción de frío ou doenza’, quizais pensando en que extremidades como os dedos quedarían rexas por mor do frío, equiparadas, por tanto, ás aguzadas e estiradas follas do piñeiro. Mais isto pertence á poesía etimolóxica.
- *Feneiro*: En Gião (Porto), a informante do ALEPG fala de *feno* para a caruma, o conxunto de follas do piñeiro, e de *feneiro* para o elemento individual, a agulla. Trátase dunha distinción moi interesante que pasa desapercibida noutros materiais dialectais e na lexicografía, onde o feneiro é, fundamentalmente, o local que serve para gardar o feno. Ese procedemento creativo fai lembrar dúas formas recollidas polo infatigable Aníbal Otero, *picaceiro*, unha máis das numerosas derivacións sobre *pica* e *pico* (Otero 1967) ou *fasqueiro*, sobre *fasco* (Otero 1976-1977).

- *Folhagem*: Documentábase esta resposta na enquisa do ALEPG en Algozo, pertencente ó distrito de Braganza, pero xa máis afastado de Galicia. Cómpre acaroar esta forma, por tanto, ás diversas denominacións xenéricas xa comentadas por Brea (1980: 53 e seguintes): *folla (do pino)*, *rama (do pino)*, *pelo*, *fronza*, *frouma*, etc.
- *Frangulho*: Na enquisa do ALEPG en Estrico (Viana do Castelo), de novo no linde con terras galegas. Aínda que os dicionarios non recollen este termo, está confirmado por Machado (1949: 83, *apud* TLPGP); xa o anunciara tamén Basto (1916: 263) na zona de Monção, quen propuña como étimo a forma *fagulha* (< lat. FACUCULA, diminutivo de FACULA, ‘facho’). Habería que explorar a conexión con formas como o galego *f(a)rangullas* ‘migallas, porcións de algo que se desfai’.
- *França*: A forma *frança*, empregue normalmente en plural, adoita designar a rama máis alta dunha árbore, se ben que hai usos máis especializados. No campo semántico que nos ocupa, emprégase para designar unha ‘rama (normalmente miúda) do piñeiro’ –enquisa do ALEPG en Válega (Aveiro) e mais datos de Costa (1961: 274, *apud* TLPGP)– e tamén a propia agulla. Esta última é unha acepción claramente setubalense nos traballos do ALEPG, pois recolleuse nas localidades de Melides, Aldeia do Meco e Água Derramada, se ben que Nunes (1965: 133, *apud* TLPGP) tamén a documenta na Madeira. Habería que pór en relación *frança(s)* coas numerosas formas do tipo *fronza* citadas por Brea (1980: 54) que, en última instancia remiten a un étimo latino colectivo FRONDEA.
- *Garunhos*: Nos materiais do ALEPG aparece unha única vez, en Boca da Mata (Leiria), en alternancia con *agulhas*. Trátase dunha forma enigmática que non atopo documentada noutras obras dialectais ou lexicográficas.
- *Grainha*: En Cardoso (Castelo Branco), xa preto do límite co distrito de Coimbra. En portugués, a *grainha* é o gran ou semente da vide ou tomates, entre outras. Non hai rexistro nos materiais consultados do seu uso para a folla do piñeiro. Un nexo de unión podería pasar pola acepción de ‘bagazo das uvas, residuo do acio unha vez prensado’: o bagazo pode servir de estrume ou de abono, e as agullas do piñeiro tamén son usadas con eses propósitos.
- *Gravanha*: Documentábase en dous puntos setentrionais: Moledo (Viana do Castelo) e Soutelo (Braga). O *Priberam* e mais *Houaiss*³ recollen esa forma

como entrada, coa definición «caruma seca»; o *Dic. Aberto e Porto Editora* son máis precisos, xa que especifican que se trata dunha variante dialectal da forma *garavalha*, por súa vez variante de *maravalha*. A mencionada forma *maravalha* é transfronteiriza, documentada cando menos na Limia Baixa (véxase Brea 1980: 57-58, quen tamén discute a etimoloxía).

- *Junco*: Aparece en dous puntos de enquisa na illa azoriana de São Miguel, onde existe, segundo se anota nos cuestionarios, o costume de estrar as follas do piñeiro no chan das casas no Nadal. Xa Basto (1916: 265-266) dera conta da presenza da forma en S. Miguel e mais dese costume nas casas de piso térreo, un uso confirmado nesa illa –Medeiros (1964)– e extensivo a outras, p. ex. na Terceira –Dias (1982). A motivación da designación non precisa de maiores esclarecementos, e é incluso sorprendente que non estea máis estendida.
- *Moliço*: Documentábase en dous puntos da rede do ALEPG do occidente de Portugal, Murtinheira no distrito de Coimbra e Sobrado en Porto. A área adxudicada no estudo de Basto (1916: 266) é maior e só parcialmente coincidente: Esposende (Minho), Maia e Foz-do-Sousa (Douro). Salgueiro (1945: 90, *apud* Tesouro) amplía aínda esa zona, documentando a resposta en Alijó (Vila Real). Recóllese no *Priberam* e no *Dicionario Aberto* cunha restrición diatópica *Minho* que, como se constata, é francamente inadecuada, por insuficiente.
- *Sama*: As enquisas do ALEPG permiten ampliar de modo notable as indicacións de Basto (1916: 269), quen obtivera información do seu uso en Torres Vedras, ó norte de Lisboa. No referido atlas obtense como resposta en Aldeia Galega e Póvoa de Penafirme (Lisboa), Glória do Ribatejo (Santarém) e Ferrel (Leiria); Nunes (1965: 132, *apud* TLPGP) estende a súa presenza ata Madeira. *Porto Editora* e *Priberam* recollen esa forma, sen maiores restricións temporais ou diatópicas. No que respecta á etimoloxía, con moitas dúbidas, Basto propuña a relación con *chama*.

1.2. Unha mancha de designacións galegas para a agulla do piñeiro

Deixo anotadas algunhas denominacións que foron aparecendo durante a redacción destas páxinas e que non están listadas en Brea (1980); valla para reiterar a diversidade de procedementos existentes na lingua para dar nome a este concepto.

- *Cosqueiro*: A folla seca. Documentada por Rivas (1978) na Canicouva (Pontevedra). A base *cosco* e outras formas relacionadas aparecen comentadas en Brea (1980: 63-64), se ben que non se inclúen no índice. Polo xeral, *cosco* designa unha ampla gama de envoltorios: a folla que cobre a espiga do millo, a casca dos froitos secos, etc.
- *Espenuca, espenuxa*. En Carré Alvarellos (1979).
- *Espicha*: En Rivas (1978), que documenta esta forma en Lumiães.
- *Espinallo, espiñallo*: A primeira forma, castelanizada, foi documentada en Aranga por Couceiro e definida como «hoja del pino». A segunda aparece no coñecido dicionario de D. Eladio Rodríguez cun significado bastante máis particular: «Ahumajo, hojas secas de los pinos caídas al suelo».
- *Faña*: Documentada por Castro (2010) en Campolameiro.
- *Picaceiro*: Documentado en Teis por Aníbal Otero (1967), refírese á folla seca.
- *Reza*: Folla seca do piñeiro. Documentada en Sanguñeda (Mos) por Otero (1960).
- *Xonza*: Abónaa Eladio Rodríguez en Xove e recóllea Rivas (1978) nas proximidades, en Galdo (Viveiro).
- *Zoupa*: Folla seca do piñeiro. Contribución de Aníbal Otero ó apéndice do dicionario de Eladio Rodríguez. Procede de Paredes (A Cañiza, Pontevedra).

2. Algunhas notas sobre continuidades galego-portuguesas

Presento, sen ánimo de exhaustividade, algunhas notas sobre a continuidade transfronteiriza de determinadas designacións, procurando completar as informacións proporcionadas por Brea (1980).

✓ Algunhas respostas portuguesas comentadas en §2.1. están documentadas en puntos moi setentrionais de Portugal, sen que conste a existencia de paralelos uns quilómetros máis arriba, do outro lado da Raia. *Carapinha* recolleuse apenas en Pitões das Júnias, en Vila Real, no límite coa Limia Baixa. *Charuga*, posible variante de *saruga*, rexístrase unicamente na localidade de Santo André (Vila Real). *Frangulho* aparece

na enquisa do ALEPG en Estrico (Viana do Castelo), se ben que outras obras dialectais sinalan testemuños desta forma en Monção.

✓ Brea (1980: 53) comenta algunhas designacións de base xenérica. *Folla do pino* está documentada nas localidades fronteirizas da Mezquita e Vilardevós (Ourense) e Lubián (Zamora). Xusto do outro lado da Raia, en Guadramil e Constantim, as enquisas do ALEPG recollen a designación *folha do pinho*. Pouco máis abaixo, e sempre dentro do distrito de Braganza, a forma usada en Lanção e Algosó é *folha*. Confórmasse, por tanto, unha área xeolingüística transfronteiriza ben definida.

Aínda que non é exclusiva deste territorio, cinguíndonos á área fronteiriza que nos ocupa, podemos distinguir no sueste ourensán, con extensión a Zamora, unha presenza bastante notable das respostas *rama* e *rama de pino* (Brea 1980: 53-54): A Gudiña, Baltar, Castrelo do Val e Cualedro (Ourense) e Hermisende (Zamora). En Portugal ten moita vitalidade. Se ben que non se evidencia un contacto tan directo coas formas galegas como o referido no parágrafo anterior, si que hai puntos de enquisa do ALEPG bastante próximos das localidades galegas onde se rexistrou ese concepto, como Bç13 (Ala/Corujas) e VR4 (Perafita). Curiosamente, os testemuños portugueses de *rama* están máis concentrados na parte occidental do territorio, mentres que en Galicia non constan rexistros nesa zona.

✓ Cómpre detérmonos na forma *frouma* e variantes, denominacións moi frecuentes no territorio galego, que «se extienden hacia el Sur hasta la frontera portuguesa, de Entrimo a Calvos de Randín, además del borde atlántico, más o menos de Oia hasta la desembocadura del Miño» (Brea 1980: 55). O feito é que esa vitalidade galega non ten parangón en Portugal; como veremos, existe a forma e existe continuidade areal, pero a presenza é moi escasa. Ningún dos puntos de enquisa do ALEPG recupera unha forma deste tipo. As informacións proveñen doutras fontes dialectais: Pereira (1970: 309, *apud* TLPGP) documenta a súa existencia no Soajo (freguesía de Arcos de Valdevez, a unha ducia de quilómetros de Entrimo, unha das localidades galegas onde se rexistra *frouma*); Bastos dá noticia dela en S. Gregório, aldea do concello de Melgaço situada en tres dos seus lados a un escaso quilómetro da fronteira con Galicia.


✓ No noroeste portugués, a forma *pruma* é unha resposta moi frecuente, como se testemuña non só nas enquisas do ALEPG (catro puntos entre os distritos de Braga e Viana do Castelo), senón tamén en varias teses dialectais recollidas no TLPGP e no propio Basto (1916: 268). En troques, en Galicia hai apenas un par de exemplos de *pluma* / *pruma* na provincia da Coruña (Brea 1980: 72) e só un con certa proximidade á fronteira, o punto P-24 do ALGa (Sárdoma, Vigo), a unha vintena de quilómetros.

✓ Basto (1916: 260) reflexionaba sobre a natureza fronteiriza da forma *candeia*. Segundo escribía o médico, profesor e etnógrafo:

Ao registrar éste voc. na REV. LUS., XIII, 85, dei-o como usado nos “arredores de Valença”, mas com um sinal de incerteza (?). É que eu ouvi-o em Tui (Galiza) a gente das aldeias, e aí alguém me dissera que também na margem portuguesa do rio Minho se usava, mas, embora tivesse feito bastantes investigações para aclarar o caso, nada logrei saber ao certo. E sei hoje tanto como então.

En realidade, a área galega é bastante máis ampla do que se apunta no artigo de Bastos. As enquisas do *Atlas Lingüístico Galego* documentaron esa forma en tres localidades pontevedresas —Vigo, Torneiros (O Porriño) e Tomiño— e unha ourensá, Xinzo de Limia. No que respecta ó territorio portugués, non atopo testemuños da forma con este significado, polo que segue vixente a incerteza de Basto.

3. A xeito de conclusión

 Esta contribución ofreceu algúns complementos dispersos ó artigo «Denominaciones gallegas de la hoja del pino», publicado por Mercedes Brea en 1980. A culminación dos traballos de enquisa do *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG) e a edición parcial dos seus materiais permitiron acceder a nova información sobre un dos dominios dialectais peor coñecidos de toda a Romanía. Do mesmo modo, os importantes avances no tratamento informático das obras dialectolóxicas e lexicográficas favoreceron o acceso a materiais ata agora inéditos (caso do TLPGP) e facilitaron a recuperación e organización da información (caso de Santamarina 2006). Así, e condicionadas polos estritos límites editoriais impostos actualmente ó formato de libro de homenaxe, estas liñas tentaron completar algúns aspectos do artigo de Brea (1980), que, non obstante, mantén totalmente a súa vixencia.

Unha das achegas principais consistiu (§2.2) na indicación de oito formas galegas presentes na lexicografía galega e non incluídas en Brea (1980), aínda que si se comentaran algunhas variantes. Non menos importante é a relación e comentario de 16 tipos portugueses empregados para designar a agulla do piñeiro (§2.1). En conxunto, estas novas formas, que se unen ós 121 tipos incluídos no índice de nomes de Brea (1980), enriquecen a diversidade formal e semántica coñecida na creación de designacións para o concepto que nos ocupa.

Outra contribución destas páxinas consistiu nun breve comentario sobre a distribución xeolectal dalgunhas respostas no que respecta á fronteira galego-portuguesa. Constatouse a existencia de diferentes perspectivas, desde a clara continuidade entre as dúas variedades ata a existencia de tipos únicos que non son coñecidos do outro lado da Raia, ou apenas nas aldeas lindeiras.

Bibliografía

- Basto, C. (1916), «Nomes das agulhas secas», *Revista Lusitana* 19, pp. 258-269.
- Beltran, V. (2013), «Ay flores do verde pino», in M. Brea, E. Corral Díaz, Miguel A. Pousada Cruz (eds.), *Parodia y debate metaliterarios en la Edad Media*, Alessandria: Edizioni dell'Orso, pp. 213-232.
- Brea, M. (1980), «Denominaciones gallegas de la hoja del pino», *Verba, Anuario Galego de Filoloxía* 7, pp. 51-74.
- Carré Alvarellos, L. (1979), *Diccionario galego-castelán e Vocabulario castelán -galego*, A Coruña: Moret.
- Costa, M. R. L. Dias (1961), *Murteira, uma povoação do concelho de Loures – Etnografia, linguagem e folclore*, Lisboa: Junta distrital de Lisboa.
- Dias, M. A. Borba Lopes (1982), *Ilha Terceira – Estudo de linguagem e etnografia*, Angra do Heroísmo: Secretaria Regional de Educação e Cultura; Direção Regional dos Assuntos Culturais.
- Couceiro Pérez, J. L. (1967), *Vocabulario de Feás*. Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela. [Editada polo TLPGP]
- Dicionário Aberto = Dicionário Aberto* <<http://www.dicionario-aberto.net/>> [Consultado: outubro de 2015]
- Houaiss3 = Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa. Houaiss Eletrônico v. 3*. Rio de Janeiro: Editora Objetiva.
- Machado, M. de L. Vaz (1949), *O fabrico caseiro do pão em diversas aldeias do Minho. Subsídios para o seu estudo linguístico-etnográfico*. Dissertação de Licenciatura. Universidade de Coimbra. [Editada polo TLPGP]
- Medeiros, M. de J. Chichorro de (1964), *A linguagem micaelense em alguns dos seus aspectos*. Dissertação de Licenciatura. Universidade de Lisboa. [editada polo TLPGP]
- Nunes, J. da Cruz (1965), *Os falares da Calheta, Arco da Calheta, Paúl do Mar e Jardim do Mar*. Dissertação de Licenciatura. Universidade de Lisboa. [Editada polo TLPGP]
- Otero Álvarez, A. (1960), «Contribución al léxico gallego y asturiano», *Archivum* 10, pp. 341-357.

- Otero Álvarez, A. (1967), «Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués», *Cuaderno de Estudios Gallegos* 22/67, pp. 165-182.
- Otero Álvarez, A. (1976-1977), «Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués», *Cuaderno de Estudios Gallegos* 30/90-91-92, pp. 137-155.
- Pereira, M. F. Afonso Alves (1970), *O falar de Soajo*. Dissertação de Licenciatura. Universidade de Lisboa. [Editada polo TLPGP]
- Porto Editora = *Dicionário Editora da Língua Portuguesa. Acordo Ortográfico*, <<http://www.infopedia.pt>> [Consultado: outubro de 2015]
- Priberam = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*, <<http://www.priberam.pt/dlpo/dlpo.aspx>> [Consultado: outubro de 2015]
- Rivas Quintas, E. (1978), *Frampas, contribución al diccionario gallego*, Salamanca: CEME.
- Rodríguez González, E. (1958-1961), *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo: Galaxia.
- Salgueiro, Mariana de Lourdes (1945), *Contribuição para um estudo linguístico-etnográfico de quatro aldeias: S. Mamede de Riba-Tua, Safres, Amieiro e Franzilhal, pertencentes ao concelho de Alijó*. Dissertação de Licenciatura em Filologia Românica. Universidade de Coimbra. [Editada polo TLPGP]
- Santamarina, A. (2006-), *Dicionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Vigo / Santiago de Compostela: Seminario de Lingüística Informática / Instituto da Lingua Galega <<http://sli.uvigo.es/DdD/index.html>> [Consultado: outubro de 2015]
- TLPGP = Álvarez, R. (coord.) (2014 -), *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/Tesouro>> [Consultado: outubro de 2015]